

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE AMES PARA MANTER O PROGRAMA DE MOBILIZACIÓN DE VIVENDA BALEIRA PARA O ALUGAMENTO EN CANTO NON SE PUBLIQUE A NOVA NORMATIVA REGULADORA DERIVADA DO PACTO DE VIVENDA 2021/2025.

REUNIDOS

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS) en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean ás persoas titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, na súa condición de presidenta do IGVS , con NIF Q6550004C e domicilio en Santiago de Compostela (A Coruña), Polígono das Fontiñas, Área Central, s/n, segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG nº 147 do 5 de agosto).

Doutra parte, José Blas García Piñeiro, alcalde do Concello de Ames, na representación do dito concello e segundo as funcións atribuídas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e no artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xuño, de administración local de Galicia.

As partes declaran a plena vixencia das facultades coas que actúan e recoñécense capacidade legal suficiente para outorgar o presente Convenio. A tal fin,

MANIFESTAN

I. O IGVS é o organismo autónomo adscrito á Consellería de Medio Ambiente,



Territorio e Vivenda encargado de realizar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a unha vivenda digna e adecuada, segundo dispón o artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS.

O artigo 5 da citada Lei de creación do IGVS establece a posibilidade de subscribir convenios, para o cumprimento da súa finalidade, con organismos, entidades e, en especial, coas corporacións locais.

II. A Lei 8/2012, do 29 de xuño, vivenda de Galicia, establece como unha das liñas de actuación do IGVS, dentro das políticas públicas en materia de vivenda, a implantación de plans e programas orientados a favorecer o acceso á vivenda en réxime de alugamento.

En concreto, o artigo 88 da citada Lei 8/2012 indica que as administracións públicas poderán adoptar medidas dirixidas a impulsar a posta no mercado de vivendas en alugamento, cos obxectivos prioritarios de mobilizar as vivendas baleiras e favorecer o acceso á vivenda a colectivos singulares, en particular, colectivos sociais especialmente desfavorecidos, vulnerables ou en situación de exclusión social, mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas maiores e persoas novas que pretendan acceder á vivenda por primeira vez.

III.- O Concello de Ames ten atribuída a competencia para a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, de acordo co establecido no artigo 26 da Lei de Bases do Réxime Local e os artigos 11 e 12 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia establecen as funcións dos servizos sociais comunitarios básicos e especializados de carácter predominantemente local.

IV. Ante a situación de crise económica que atravesou o país e que provocou un importante impacto na situación de moitos fogares, expoñéndoos a situacións de vulnerabilidade, o Plan Rehavita 2015-2020 estableceu un programa de mobilización de vivenda baleira, en virtude do cal se asinou en data 3 de maio de 2016 un convenio de colaboración ente o IGVS e a Federación Galega de Municipios



e Provincias ao que se adheriu o Concello de Ames en data 12 de setembro de 2016, publicándose as bases reguladoras do citado programa no Boletín Oficial Provincial da Coruña do 3 de maio de 2017.

V. O "Pacto de Vivenda 2021-2025" recolle na súa liña estratéxica A, eixo 1, programa 4, acción 5, a creación dun programa de mobilización de vivendas baleiras para o alugamento, de xestión directa polo IGVS, con vantaxes para persoas propietarias e inquilinas. Na mesma acción 5 indicase que *"o programa manterase para os concellos que xa teñen vivendas incorporadas con cargo ao anterior programa de vivendas baleiras"*.

VI. Dende o momento da adhesión ao programa de vivendas baleiras, o Concello de Ames ten incorporado catro vivendas ao programa e ten unha listaxe de 49 persoas demandantes de vivenda para as que non hai unha alternativa dispoñible por non ter oferta de vivenda baleira para poder atendela.

VII. O Concello de Ames manifesta que está a xestionar a incorporación dun edificio de vivendas propiedade dunha persoa xurídica para poder atender á elevada demanda de persoas demandantes de vivenda con escasos ingresos.

VIII. O IGVS e o Concello de Ames comparten o interese mutuo en manter as actuacións do programa de vivendas baleiras, tendo en conta a súa dispoñibilidade de vivenda baleira no citado concello e a poboación con necesidade urxente de vivenda anotada nos rexistros municipais de servizos sociais.

Polas razóns anteriores, as partes comparecentes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, que levan a efecto en virtude das seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o IGVS e o



Concello de Ames para a mobilización de vivendas baleiras, mentres non se publica a normativa reguladora para a mobilización de vivendas baleiras para o alugamento derivada do Pacto de Vivenda 2021/2025, que se está a desenvolver.

Segunda. Obrigas do IGVS e do Concello de Ames

O IGVS contratará os seguros multirrisco e de impagos dos contratos de arrendamento asinados durante o período de vixencia deste convenio.

O concello tramitará a incorporación e contratación das vivendas baleiras de acordo coas bases reguladoras do programa publicadas en data 3 de maio de 2017 no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

Terceira. Vixencia do convenio

O convenio terá unha vixencia máxima dun ano dende a data da súa sinatura e, en todo caso, perderá a súa vixencia no momento en que se publique a nova normativa reguladora do programa de mobilización de vivenda baleira para o alugamento.

Cuarta. Contido económico

O IGVS asumirá o custo dos seguros multirrisco e de impagos de rendas para facer fronte a este compromiso na anualidade 2022 por un importe máximo de 9.300 euros, e os custos do seguro de impago de rendas ata un importe máximo de 3.766,5 euros, na aplicación 08.81.451A.224.

As obrigas do concello de Ames non suporán custo económico.

Quinta. Causas de resolución

1. Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- O mutuo acordo das partes que o subscriben, manifestado por escrito.



- A imposibilidade legal ou material de continuar co obxecto do convenio.
- O incumprimento de calquera das súas cláusulas.
- A aprobación da nova normativa reguladora do programa de mobilización de vivendas baleiras para o alugamento en concellos derivado do Pacto de Vivenda 2021/2025.

2. A resolución do convenio por incumprimento das partes non dará lugar a indemnizacións.

Sexta. Comisión de Seguimento e Coordinación.

Ao abeiro do convenio constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación, presidida pola persoa nomeada pola presidenta do IGVS; tamén formarán parte da comisión dous vogais, en representación do IGVS, e dous vogais, en representación da Concello de Ames.

A Comisión de Seguimento e Coordinación reunirse a petición de calquera das partes. Ante unha petición de reunión por escrito dunha das dúas partes, esta deberá producirse nun prazo non superior a 15 días naturais.

As controversias que poidan expoñerse sobre a interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio resolveranse no seo da Comisión de Seguimento e Coordinación por maioría dos seus membros.

Sétima. Réxime xurídico.

O presente convenio ten carácter administrativo, rexéndose para os seus efectos polas súas cláusulas.

Dada a natureza xurídico-pública do convenio, as controversias que puidesen xurdir na súa aplicación e que non foran resoltas pola Comisión de Seguimento e Coordinación establecida neste convenio serán dirimidas antes a xurisdición



contencioso administrativa.

Oitava. Confidencialidade.

O IGVS e o Concello de Ames obríganse a manter a confidencialidade sobre os asuntos dos que teñan coñecemento por razón desta colaboración, non podendo darlles difusión sen a autorización expresa e por escrito da outra parte. As partes comprométense a utilizar toda a información á que teñan acceso con ocasión ou en execución deste acordo, unicamente dentro do marco deste convenio.

O IGVS e o Concello de Ames, como responsables do tratamento dos datos de carácter persoal, deberán actuar de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, o "RGPD"), pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPD), así como cantas outras normas legais ou regulamentarias incidan, desenvolvan ou substitúan ás anteriores neste ámbito.

Novena. Publicidade do convenio

De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei estatal 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 29 da Lei autonómica 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes do Convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

En proba de conformidade, asinan electronicamente este convenio.

